



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ASUNTO: PROPOSTA CONCESIÓN PROVISIONAL BOLSAS DEPORTISTAS DO CONCELLO DE ABEGONDO ANO 2025

EXPEDIENTE: 2025/A002/000001 - 2025/G003/000950

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A convocatoria e as bases reguladoras da bolsa de deportistas do Concello de Abegondo para o ano 2025 foi aprobada por decreto da alcaldía número 740/2025 e 743/2025 do 28/10/2025. As bases reguladoras convocatoria de subvencións foron publicadas no taboleiro de anuncios, na web e na sede electrónica do Concello de Abegondo e no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 211 do martes, 4/11/2025. O extracto da convocatoria foi publicado no BOP núm. 215 do 10 de novembro de 2025. Así mesmo, a mencionada convocatoria foi publicada na Base Nacional de Subvencións.

SEGUNDO. As solicitudes de bolsas de deportistas foron presentadas polos interesados no prazo establecido nas bases da convocatoria.

TERCEIRO. Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de acordo a documentación esixida nas bases reguladoras informase polo técnico de deportes que presentaron solicitude no prazo regulamentario indicado nas bases reguladoras e informase sobre as solicitudes nas que é necesario que emenden a documentación.

CUARTO. Por resolución de alcaldía num 826/2025 de data 3 de decembro de 2025 aprobouse a listaxe de bolsas de deportistas e nomeouse a Comisión de valoración creada para baremar as solicitudes presentadas ao abeiro da dita convocatoria, outorgando o prazo de 5 días hábiles dende a publicación na sede electrónica da resolución para emendar a documentación.

QUINTO. Unha vez rematado o prazo para emendar a documentación informase polo técnico da documentación presentada e tendo en conta dito informe por resolución de alcaldía num 852/2025 de data 15 decembro de 2025 aprobouse a listaxe definitiva de admitidos e excluídos que foi publicada na sede electrónica municipal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- O Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas Locais, en materia de orzamentos
- Bases de execución do Orzamento do Concello de Abegondo
- Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de bases a deportistas individuais de Abegondo



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. As propostas de concesión PROVISIONAL da comisión avaliadora, xa nomeada en ditas bases son as seguintes:

Nº expediente	Nome	NIF	IMPORTE
2025/A003/000009	Victor Fernandez Rodriguez	***4509**	777,77 €
2025/A003/000010	Xoan Fernandez Rodriguez	***4509**	1.157,17 €
2025/A003/000011	Aaron Amor Pardo	***2460**	1.147,68 €
2025/A003/000015	Martin Alberto Barbeito Sanjurjo	***6422**	1.176,14 €
2025/A003/000016	Nikolay Georgiev Dyulgerov	***8567**	701,89 €
2025/A003/000044	Valeria Sanchez Arias	***5570**	720,86 €
2025/A003/000045	Roi Calviño Rabón	***4528**	1.574,51 €
2025/A003/000046	Ainoa Calviño Rabón	***4528**	739,83 €
IMPORTE TOTAL			7.995,85 €

Á vista do anterior considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, polo que procede a súa aprobación por parte do alcalde de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local (decreto de Alcaldía de 26 de xuño de 2023), en virtude do artigo 21.3ª e 23.2ªb da Lei 7/1985, de bases de réxime local, en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa finalidade de ditar o presente decreto.

SEGUNDO. De acordo coa proposta da Comisión Avaliadora, conceder e/ou denegar provisionalmente as seguintes axudas:

Nº expediente	Nome	NIF	IMPORTE
2025/A003/000009	Victor Fernandez Rodriguez	***4509**	777,77 €
2025/A003/000010	Xoan Fernandez Rodriguez	***4509**	1.157,17 €
2025/A003/000011	Aaron Amor Pardo	***2460**	1.147,68 €
2025/A003/000015	Martin Alberto Barbeito Sanjurjo	***6422**	1.176,14 €
2025/A003/000016	Nikolay Georgiev Dyulgerov	***8567**	701,89 €
2025/A003/000044	Valeria Sanchez Arias	***5570**	720,86 €
2025/A003/000045	Roi Calviño Rabón	***4528**	1.574,51 €
2025/A003/000046	Ainoa Calviño Rabón	***4528**	739,83€
IMPORTE TOTAL			7.995,85 €

TERCEIRO. Darlle traslado do presente acordo aos interesados para os efectos oportunos a través da publicación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo co fin de que poidan presentar as alegacións oportunas no prazo de 3 días naturais. No caso de non presentarse ningunha alegación, esta resolución e a proposta de concesión de axudas será definitiva. **Os solicitantes deberán estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de aprobar o pagamento.**



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

CUARTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que resolvo. Dou fe, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data da sinatura dixital

O alcalde
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario accidental
José Antonio Varela Doval